

OllOs de aula

ANO III - Nº 17- Novembro 2014

Revista para as familias do alumnado



Catro anos do
Decreto para o
plurilingüismo

Que significa
"educar as
emocións"?

Hora de ler

12:59 PM

O 5, 6 e 7 de decembro agárdante en Pontevedra no Cultural, a Feira da cultura galega. Vai en familia, hai actividades para todos/as! Infórmate en www.culturalgal.com



Menu

1:33 PM

O galego ocupa o posto 26 do mundo (de 6.000) como idioma máis empregado nas redes sociais. Quen dixo que tiñamos un idioma pequeno? Orgullosos/as do noso, orgullosos/as do galego.

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, a lingua galega perde falantes... e a Xunta amósase optimista. Sen comentarios.

SAMSUNG

12:45 PM

BlackBerry

3G

12:21

Nace unha nova publicación dixital humorística: *O botafumeiro*. Podes vela en www.obotafumeiro.com



Se tes un fillo/a na ESO ou no Bacharelato e está interesado/a nas novas tecnoloxías e no cine, podes animalo/a a que participe no concurso *Curtas co móbil*. Toda a información en <http://ir.gl/2725b0>



CONCURSO
de Curtas co móbil
Axenda Dixital 2020

Non deixes pasar novembro sen ir cos teus a algún magosto; xa o di o refrán, *Bendito o mes que empeza con Santos e acaba con San Andrés!*

Revista editada pola CGENDL
www.coordinadoraendl.org
ollosdeaula@gmail.com
Deseño-maquetación: tallerDD.com

A pregunta

Que significa “educar as emocións”?



Responde: Mª Dolores González Piñeiro

[Orientadora do CEIP San Clemente (Caldas de Reis - Pontevedra)]

Primeiramente hai que explicar que as emocións son mecanismos que nos axudan a reaccionar con rapidez ante acontecementos inesperados, que funcionan de maneira automática. Son impulsos para actuar, como o medo, a sorpresa, a aversión, a ira, a ledicia ou a tristeza, que serían as emocións básicas, e que cada persoa experimenta de maneira particular, dependendo das súas experiencias anteriores, da súa aprendizaxe e da situación concreta.

As emocións están presentes nas nosas vidas e xogan un papel relevante na construción da nosa personalidade e interacción social.

Agora hai que distinguir entre educar e disciplinar emocionalmente. **Disciplinar** significa poñer énfase no mal acto que cometeu un/unha neno/a e impoñer unha sanción. A énfase está no castigo que lle vou dar. **Educación das emocións**, en cambio, non considera o feito, senón por que se produciu este e, polo tanto, invítalo a que se dea conta do erro que cometeu para que non volva facelo.

Para educar as emocións, seguindo algúns investigadores/as, os pais/nais teñen un tempo limitado cos seus fillos/as: os primeiros quince anos de vida. Dos cero aos sete anos deben implantar normas e dos sete aos quince, impoñer límites.



Catro anos desde a aprobación do Decreto 79/2010 parece tempo suficiente como para poder facer unha análise das súas consecuencias e chegar á conclusión de que non se está a garantir a competencia en lingua galega do alumnado ao rematar o ensino obrigatorio. A situación creada polo decreto é tan grave que estamos moi lonxe de que a competencia do alumnado sexa similar á que ten en castelán.

Despois de catro anos do Decreto para o plurilingüismo...

Educación Infantil

A exclusión do galego da educación infantil non se freou coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na que se declaraba nula a consulta feita ás familias. Insístese en preguntar pola lingua das nais e pais, que nas zonas urbanas é maioritariamente o castelán, para xustificar que esta sexa a lingua única das aulas. Ademais de castelanizar a calquera que teña como lingua materna o galego, non se poñen os medios para que este alumnado coñeza e domine realmente as dúas linguas.

Educación Primaria

Ao contrario do que recolle o Decreto do plurilingüismo, non se garante a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais, non se acada a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s) e non se leva a cabo “a avaliación do nivel de competencia nas dúas linguas oficiais”.

- Non houbo igualdade nas dúas linguas oficiais, xa que este mesmo decreto obrigaba a impartir en castelán a materia de Matemáticas (que ata ese momento se impartía en galego).

No caso dos centros plurilingües, aínda se ve máis patente esa desigualdade, por teren unha das materias curriculares en inglés. Neste caso o alumnado non ten ese “coñecemento efectivo en lingua estranxeira” que se establece; esta im-



plántase a unha idade demasiado temperá e cunha metodoloxía na que os contidos non son asimilados nas linguas ambientais do alumnado e, polo tanto, non son aprendidos.

- Tamén se incumpre o artigo 11º do decreto sobre a potenciación da lingua galega nos centros, xa que carecen de “programa regular de actividades de fomento da lingua”.

Educación Secundaria

- A obrigatoriedade de impartir materias en castelán nas áreas científicas exclúe o galego para o ámbito científico e tecnolóxico.

- A implantación de seccións bilingües e de centros plurilingües en inglés non supuxo ningunha mellora cualitativa da aprendizaxe deste

idioma porque ou ben as clases se imparten en castelán ou, de facelo en inglés, supoñen unha rebaixa enorme dos contidos mínimos da materia e, polo tanto, unha peor formación do alumnado. O que si supuxo foi a redución drástica do ensino en

galego, sobre todo nos centros que impartían en lingua estranxeira as Ciencias Sociais ou as Ciencias Naturais.

- O feito de que só se designen dúas materias como obrigatorias para impartir en galego tradúcese na práctica nun in-

O decreto non está garantindo a competencia do alumnado en lingua galega

cumprimento do recollido na norma ao respecto de que o 50% (ou o 30% no caso dos centros plurilingües) se impartan en galego.

Formación Profesional

Nunca se realizou un reparto de linguas por módulos na FP que garantise, tal e como indica o Decreto de 2010, un mínimo dun 50% de ensino en galego; os materiais son, a maioría, en castelán e a FP Básica, que se está implantando, tampouco atende ao fomento do galego.



Palabras do ensino

Línes Salgado

{HORA DE LER}

Que a lectura é importantísima para a nosa formación é algo que ninguén se atreve a negar. É unha desas frases que repetimos constantemente e que forman parte do noso saquiño de “verdades absolutas e politicamente correctas”. Pero o problema é que facemos para poñer en práctica esa frase. Dito doutro xeito: lemos? As estatísticas din que un 40% da poboación española non le nunca. E a nosa escola non é allea a este problema. Observamos desde hai uns anos que un gran grupo dos nosos nenos e nenas teñen dificultades para comprender o que len e expresar o que pensan (que é a outra cara desta moeda). No listado de activi-

dades de lecer favoritas, ler non ocupa, salvo honrosas excepcións, as primeiras posicións. Moitos papás e mamás quéixanse pola cantidade de lecturas obrigatorias en secundaria (que, por termo medio, son dous libros por trimestre.) Por iso, moitos centros levan desde hai anos traballando a reo para crearen lectores, “letraferidos”, dando un enorme pulo ás bibliotecas escolares, ideando actividades que fomenten o gusto

polos libros e, sobre todo, dedicando un tempo diario a ler, só a ler. Porque si, porque me dá a gaña, como diría Celso Emilio. Porque a lectura, como calquera outra actividade, precisa tempo e adestramento. Así que, ademais de falar da lectura, dediquémonos a ler libros. Xa o dicía Mortadelo: “A lectura prexudica seriamente a ignorancia”. Pois diso se trata.




CADENCIAS

Gracia Santorum

Para ler

O homiño vestido de gris e outros contos, de Fernando Alonso, publicado por Kalandraka. Oito relatos cheos de poesía que falan de temas intemporais: o valor da palabra, a solidariedade, a tenrura, o amor, a xustiza, a liberdade... O que máis sorprende destes relatos é a súa delicada beleza dentro dun discurso enigmático que foxe desa linguaxe politicamente correcta que tantas veces impregna a literatura infantil. As ilustracións son asemade exemplares, case expresionistas, e tamén cheas de lirismo.



Para escoitar



Cocido sinfónico d'Os Tres Tenedores, publicado pola editorial Galaxia. Coas alegres ilustracións de Dani Padrón, este libro-disco absolutamente delicioso para comer a calquera hora, con pan, sen el, con pouco sal ou con moito, xa que poderá dixerirse a gusto de cadaquén. O que é seguro é que se repetirá. Porque un cocido a base de música évos unha cousa ben especial: sabor a rap, sabor a rock... sempre con moito humor. Esquecede a tristura, os desgustos e os condimentos: deixádevos levar polo alegre pracer da música.

Para visitar/para protexer

A contorna do monumento natural da Fraga de Catasós de Lalín está en perigo. Nesta fraga consérvanse algúns dos castiñeiros máis altos de Europa, pero un proxecto de execución da liña eléctrica de alta tensión ameaza con destruír os arredores desta fraga única e valiosa, de formación vexetal autóctona. A instalación de liña eléctrica implica a eliminación de máis de 2000 árbores autóctonas, centenarias, singulares ou senlleiras.



Da lingua

A grande estafa

Vén de publicarse un informe do IGE (Instituto Galego de Estatística) que demostra, con datos obxectivos, o alarmante descenso no uso habitual do galego por parte da poboación, sobre todo nas zonas urbanas e nos sectores de poboación máis novos.

Non obstante, os responsables de dirixir a política lingüística da Xunta de Galicia fan como se non pasase nada e continúan adiante coa súa axenda de sorrisos oficiais, intentando convencernos de que non hai motivos para a preocupación. Como cidadáns e cidadás somos moi conscientes da enorme capacidade que teñen os políticos para activar o botón da propaganda e camuflaren a realidade: por iso son quen de afirmar que está un día despexado cando está chovendo a chuzos, e de que o galego goza de boa saúde, nunha sociedade supostamente plurilingüe e multicolor.

Porén, nós, que non exercemos o cinismo, sabemos ben cal das linguas oficiais que recoñece o Estatuto de Autonomía domina hoxe en día no patio dos colexios, e cales son os estigmas que favorecen o abandono progresivo da lingua propia de Galicia.

Por iso, con tanto respecto como firmeza, pedimos máis accións positivas a prol da lingua e menos discursos de carácter anestésico. Pois non queremos ser vítimas doutra grande estafa na que nos rouban o idioma os mesmos/as que teñen o deber legal de protexelo.

